

Bilbo, o can viaxeiro

Bilbo era un can xaponés que vivía en Kyoto co seu dono español. O dono traballaba investigando animais invertebrados xaponeses, pero un día o seu xefe díxolle que nun mes tería que ir traballar para a sede que a súa empresa de investigación tiña na Coruña.

Pasou o mes e hoxe é o día, ás nove en punto xa estaban no avión listos para despegar pero de súpeto, nun momento de despiste do seu dono, un home secuestra a Bilbo e sen que ninguén se decate foxe con el.

Por sorte, minutos despois xa no edificio do aeroporto, Bilbo consegue escapar e meteuse no avión máis cercano que viu.

Neste avión Bilbo ía escondido na bodega entre as maletas. Tras dezaseis horas de voo o avión aterrou e ao saír Bilbo decátase de que está en Xamaica, máis concretamente en Kingston, a súa capital. Botouse a andar e ao chegar ao centro da cidade coñece a Nana, unha cadela moi simpática de raza rottweiler. Pronto se fixeron amigos e Bilbo contoulle a súa historia, así que Nana propúxose axudarlle. Decidiron ir a un restaurante xamaicano para falar sobre os voos que podía coller e como facer para que Bilbo se reencontrase co seu dono.

Ao chegar ao restaurante pediron a súa especialidade Polo Jerk, e cando o camareiro lles serviu o polo empezaron a falar do tema dos voos. Falaron e falaron ata que chegaron á conclusión de que de Xamaica a España non hai ningún voo, pero si que hai un para México, onde unha hora despois de chegar o avión que ven de Xamaica sae un avión para España.

Ao chegar ao aeroporto pronto localizan o avión que vai para México e Bilbo despídese de Nana un pouco triste, porque sabe que probablemente nunca volverá a vela. De seguido escóndese outra vez na bodega e o avión empeza a despegar.

Tras oito horas de voo chega a Cidade de México, a capital de México.

No aeroporto ía tranquilamente camiñando cara o seu avión destino España cando se decata de que alguén o vai seguindo, e cando ve a súa cara dáse de conta que é o seu secuestrador !!!

Entón os dous empezaron a correr, e xusto cando o secuestrador está a piques de capturar a Bilbo dúas chihuahuas lánzanse a atacar ao secuestrador polos pés, e foi así como Bilbo puido fuxir cara o centro da cidade afastándose do aeroporto, porque sabe que se segue por alí ou intenta coller o voo o secuestrador seguiráo.

Cando as dúas cadelas se aseguran de que Bilbo conseguira fuxir paran o ataque e van detrás del, deixando ao secuestrador ferido.

Pronto encontran a Bilbo e preséntanse, son dúas chihuahuas xemelgas chamadas Pepa e Lola, e Bilbo dálle as grazas e tamén se presenta contándolle a súa historia.

As xemelgas deciden axudalo, pero xa é de noite, así que determinan ir durmir e descansar e deixar os plans para o día seguinte.

Cando espertan necesitan almorzar, mentres comen van comentando ideas e plans ata que deciden que o mellor será que Bilbo colla o avión que sae ás dez da noite para España.

Como o voo é tarde van facer turismo pola cidade, viron moitísimas cousas: o Zócalo, o Templo Maior, o Bosque de Chapultepec, as Pirámides de Teotihuacán e Xachimico. Pasárono moi ben, e Bilbo conseguiu por uns momentos esquecer os seus problemas.

Ás nove foron para o aeroporto e na porta Bilbo despediuse de Pepa e Lola.

De camiño ao avión alguén o captura.

NON!!!

Pero cando parecía que todo estaba perdido Bilbo mordeu a man dereita do secuestrador e así puido fuxir.

Colleu o primeiro avión que encontrou, pero como era de imaxinar, o secuestrador foi tras del e colleu o mesmo avión. Tras doce horas de voo aterraron por fin. Bilbo saiu da bodega con precaución, preocupado de que o secuestrador non o vise e intrigado por que lugar sería aquel.

Enseguida se decatou de que estaba en Roma, a capital de Italia. Escondéndose e con moito sixilo conseguiu chegar ao centro da cidade. Alí coñece a Coco, un Spinone italiano moi gruñón, que ao principio non parecía moi amigable, pero que non dubidou en axudar a Bilbo.

Era tarde, así que cearon algo e planificaron que facer no outro día. A idea era coller o primeiro voo con destino Madrid e desde alí coller outro ata a Coruña para poder chegar á súa nova casa e estar outra vez co seu dono.

Tras cear foron durmir á casa de Coco. Todo ía ben ata que ás catro da mañá de repente e mentres durmían aparece o secuestrador, que conseguira localizar aos cans e usando un sedante colleu a Bilbo.

Ás seis Bilbo espertou e aturdido deuse de conta de que estaba no aeroporto. Estaban el e máis o seu secuestrador facendo fila para entrar nun avión, Bilbo ía apresado dentro dunha mochila cun bozo que non o deixaba ladrar.

Antes de embarcar teñen que pasar por un rexistro da equipaxe e alí descóbrese que o secuestrador leva a Bilbo agochado con intención de subir ilegalmente con el no avión.

A policía inmediatamente arresta ao home por secuestro de animais e ven que Bilbo leva unha chapa no colar, escanéana e miran os seus datos para poder poñerse en contacto co seu dono.

Dous días despois Bilbo chegou por fin á casa, e reencontrouse co seu dono, que levava todo este tempo buscando por el. Os dous se puxeron moi contentos, e Bilbo non podía parar de saltar, facer piruetas e mover o rabo.

Tras relaxarse da euforia de volver a ver ao dono, Bilbo deuse conta de que sen a amabilidade e axuda dos novos amigos e amigas que fixo durante esta viaxe e sen a súa valentía e decisión, nunca podería volver á casa e sentiuse moi agradecido da sorte que tivera ao coñecelos. Pensou que sería boa idea intentar ir a visitalos cada ano e manter así a súa amizade para sempre.

FIN